



# Caderno da crítica

## Cuestionario Proust: Lino García Salgado

[Ramón Nicolás 23 de marzo de 2015](#)

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2015/03/23/cuestionario-proust-lino-garcia-salgado/>

**1.– Principal trazo do seu carácter?**

– A lealdade.

**2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?**

– A sinceridade.

**3.– Que agarda das súas amizades?**

– Que sexan amizades verdadeiras, por riba do tempo.

**4.– A súa principal eiva?**

– A inseguridade.

**5.– A súa ocupación favorita?**

– Escribir, aínda que por veces se convirta nunha guerra.

**6.– O seu ideal de felicidade?**

– Rexentar unha librería con salón de presentación para todo o mundo que a precise.

**7.– Cal sería a súa maior desgraza?**

– A ignorancia.

**8.– Que lle gustaría ser?**

– Ha, ha..., músico.

**9.– En que país desexaría vivir?**

– Aquel no que non teña que facerme esta pregunta.

**10.– A súa cor favorita?**

– Azul.

**11. – A flor que máis lle gusta?**

– Margaridas brancas.

**12.– O paxaro que prefire?**

– O peto.

**13.– A súa devoción na prosa?**

– Bufff, Mario Benedetti, José Luís Sampedro, Xabier López ou Xurxo Borrazás.

**14.– E na poesía?**

– Bufff outra vez. Aquí tiro pola casa: Eli Ríos, Eduardo Estévez, Lino Braxe, Alberte Momán, Verónica Martínez Delgado, etc., etc... Perdón por nomear moitos máis e merecidos (Estevo Creus, Xabier Cordal...) e os de sempre: Manuel María, Uxío Novoneyra, Lois Diéguez, Marica Campo, Xosé Vázquez Pintor...

**15.– Un libro?**

– *La tregua*, de Mario Benedetti.

**16.– Un heroe de ficción?**

– O meu alter ego ou o meu avatar en versión triunfadora, ha ha. Non sei... Trancos, do Señor dos Aneis.

**17.– Unha heroína?**

– Rosalía de Castro e..., todas as nais.

**18.– A súa música favorita?**

– Silvio Rodríguez.

**19.– Na pintura?**

– Paul Cézanne e unha amiga que dará que falar: Arantza Pardo.

**20.– Un heroe ou heroína na vida real?**

– Os pais e nais.

**21.– O seu nome favorito?**

– Roi.

**22.– Que hábito alleo non soporta?**

– A mentira.

**23.– O que máis odia?**

– O mesmo, a mentira.

**24.– A figura histórica que máis despreza?**

– Tamén hai moitas, pero prefilo esquecelas.

**25.– Un feito militar que admire?**

– Poucos, pero quedariame con aqueles que non chegaron a ser militares, aqueles que o pobo parou como a Revolución dos Cravos. Hai máis pero..., supoño que abonda con un.

**26.– Que don natural lle gustaría ter?**

– Ser máis positivo.

**27.– De que maneira lle gustaría morrer?**

– De ningunha, ha, ha. Pero supoño que cun libro na man e soñando que estou nel, que formo parte del.

**28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?**

– Apoucado, negativo.

**29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?**

– A tristeza, se se pode catalogar como defecto.

**30.– Un lema na súa vida?**

– Levantarse de novo, aínda que nunca o digo en voz alta.